

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DATA: 02/06/2025
SAIDA: 10612/25



D. Fernando González Abeijón

Expediente: T.6.Q/6047/25

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2025

Estimado Sr. González:

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número que figura arriba.

Unha vez estudado o seu escrito comunicámoslle a súa admisión a trámite, ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 20.1.d) da Constitución.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante o Concello de Vigo. En concreto requirimos desa administración que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o obxecto da súa queixa. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que esa administración ten que remitirnos poñerémos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Se vostede conta con vías de recurso e desexa facer uso delas, a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para presentar o recurso correspondente fronte a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Temos que sinalar tamén que a Valedora do Pobo non pode entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e debe suspender a súa actuación no caso de que, unha vez iniciada a tramitación da queixa, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais expostos nas queixas presentadas. En calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, en tempo e en forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Agradézolle a confianza que nos demostra, reciba un atento saúdo.

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DATA: 02/06/2025
SAIDA: 10612/25



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)